



CURSO 2020-2021
DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA
MATERIA: IGUALDADE DE XÉNERO
CURSO: 1º ESO
CONTIDOS
<p><u>Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero.</u> <u>Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade.</u> <u>Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades.</u> <u>Bloque 4. Cara a unha sociedade sen violencia machista</u></p>
METODOLOXÍA DIDÁCTICA
<p>A metodoloxía combinará a presentación de contidos por parte da profesora, sempre buscando a participación activa do alumnado, con traballo individual e cooperativo deste. Os traballos consistirán en tarefas de investigación e exposición de contidos, debates e análises críticas de vídeos/películas/noticias relacionadas coa materia.</p> <p>Tomarase como referencia o libro de <i>Igualdade de Xénero da editorial ANAYA</i>. Usaremos a aula virtual do centro para compartir materiais e recursos educativos así como para a entrega dalgunhas tarefas. Teremos como fío condutor o diario de clase, onde o alumnado irá recollendo, as aprendizaxes, reflexión, creacións e achegas.</p>
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
<p>Non consta a día de hoxe que exista a necesidade de aplicar tales medidas para esta materia. De existir indicacións en contrario tomarase nota e farase constar en actas do Departamento.</p> <p>De todos xeitos en función das capacidades do alumnado e os seus intereses realizaranse modificacións na proposta de traballos que tentarán responder a un necesario axuste entre necesidade, capacidades do alumno e contidos da materia. Tamén poderán variarse os tempos e elementos da probas extraordinarias, sempre en función dun informe previo das necesidades por parte do Departamento de Orientación.</p> <p>Tamén se tomarán en conta as posibilidades de acceso aos recursos analóxicos e/ou dixitais que teña o alumnado.</p>
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
AVALIACIÓN INICIAL
<p>Na segunda sesión terá lugar unha avaliación inicial do alumnado en base a o exercicio feito na clase.</p>
AVALIACIÓN CONTINUA
<p>A nota de avaliación obterase do seguinte modo:</p> <p>1/ Traballos realizados polo alumnado: 75% 2/ Actitude na aula 25%</p> <p>Instrumentos de avaliación 1/ Caderno do profesor para valorar as actitudes na aula 2/ Caderno do alumno/ rúbrica e escala de valores para as tarefas encomendadas</p>



1/ Actitude na aula. Caderno do profesor. Ficha do alumno/a. (Max. 2,5 puntos)

Cumprimento das indicacións do profesor.	0,25
Respecto do turno de palabra.	0,25
Traer o material de traballo.	0,25
Participación na clase	0,25
Coidado do material persoal e da aula	0,25
Manter un comportamento e unha postura correcta	0,25
Puntualidade e orde nas entradas e saídas da aula	0,25
Aproveitamento do tempo de traballo persoal	0,25
Non faltas de asistencia inxustificadas	0,25
Actitude colaboradora e implicación coa materia	0,25

2/ Traballos realizados polo alumnado. Caderno do alumno/ rúbrica e escala de valores para as tarefas encomendadas (Max.7,5 puntos)

De forma xeral os criterios de corrección dos traballos do alumno serán os seguintes:

- 1/ Deberán presentarse todos os traballos na orde na que foron propostos e realizados na aula.
- 2/ No caso de que algún traballo non se realizase no seu momento por causas xustificadas o alumno poderá presentalo para a súa cualificación posterior.
- 3/ Os traballos estarán realizados de forma completa e non poderán estar copiados polos de outros alumnos.
- 4/ A presentación dos traballos deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- 5/ A calidade dos traballos presentados, as respostas elaboradas, a boa redacción, o traballo de reflexión, a recompilación de datos, a calidade da exposición oral.

A recuperación das diferentes avaliacións no caso de estar suspensas consistirá nunha proba escrita que reflecta os estándares mínimos imprescindibles do trimestre a recuperar e na modificación da actitude na seguinte avaliación.

AVALIACIÓN FINAL

Para superar a materia deberá obterse cando menos a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das 3 avaliacións, calculada a partir das cualificacións SEN REDONDEO obtidas en cada avaliación, sempre que sexan igual ou superior a 4.

Aplicarase o redondeo da nota resultante para obter a nota final de curso de xeito que os dous decimais se asimilarán ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O exame extraordinario responderá ao seguinte esquema:

5 preguntas sobre os estándares de aprendizaxe desenvolvidos ao longo do curso tendo cada pregunta unha valoración de 2 puntos. É necesario acadar un 5 para cumprir os obxectivos da materia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

De realizar actividades complementarias estas aparecen no apartado "Actividades extraescolares e complementarias" do Dpto. de Filosofía na páxina web do Centro.

En Lugo, a 24 de setembro de 2020

A profesora

Asdo: Iria Otero Vizcaíno

NOTA: De producirse algún erro ou algunha modificación sobre o que aquí está escrito, a súa corrección será notificada ao alumnado na aula e publicada na páxina web no Centro no mesmo lugar en que aparece publicado este resumo.